

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Traballo para tí

Entidade executante

Asociación Agalure (<https://agalure.com/>)

Ámbito territorial

A Coruña

Persoas destinatarias

Persoas diagnosticadas con adicción sen sustancia ou comportamental, que estén realizando tratamento no centro, que se atopen en risco de exclusión social por motivos laborais ou que non teñan recursos para a búsqueda de emprego, se así o solicitan

Obxectivo xeral

Favorecer a plena integración socio-laboral das persoas con problemas de adiccións sen sustancia ou comportamentais a través de estratexias que permitan alcanzar o desenvolvemento das súas habilidades persoais, sociais, culturais e formativas.

Obxectivos específicos

Lograr a inserción laboral das persoas que perderon ou non accederon ao mercado de traballo baixo parámetros de concientización da non recompensa inmediata e fácil que ofrecen as adiccións sen sustancia.
Atender, informar e asesorar a persoas en exclusión social, dotándoas de recursos e asesoramento socioemocional.
Incorporar aos circuitos sociais normalizados ás persoas con esta problemática.
Ofrecer asesoramento para acceder ás axudas sociais e recursos públicos/privado ás persoas en exclusión social.
Mellorar habilidades sociais e emocionais do/a paciente.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Contido técnico do programa

Para valorar a práctica no ámbito da integración sociolaboral partiremos dos criterios sinalados na Guía de Boas Prácticas nos Programas de Incorporación Sociolaboral das 25 Entidades de UNAD (2005):

- Metodoloxía. O proceso axústese a uns parámetros metodolóxicos, definición de obxectivos, criterios, procedementos e protocolos.
- Integralidade. A intervención parta dunha visión integral da persoa.
- Coherencia. Adecuación entre o obxectivo e as accións desenvolvidas, a través da medición dos resultados obtidos.
- Sustentabilidade. Que o proceso de incorporación sociolaboral cumpra co criterio de coherencia e sustentabilidade referidos aos lineamentos orientadores, aos resultados, á participación dos beneficiarios e ao labor dos/ as profesionais. Discriminación positiva. Que o proceso se priorice sobre aquelas persoas ás que inferen de forma máis intensa as situacións de discriminación e desigualdade no mercado laboral, a fin de evitar situacións de exclusión e mellorar as oportunidades.
- Participación. Usuarios como protagonistas do seu proceso de procura e de intervención.
- Perspectiva de xénero. No proceso estea presente, de forma transversal, a perspectiva de xénero a través do acceso de mulleres aos programas e da súa participación activa.
- Complementariedade. Garántase a optimización dos recursos e así evitar a duplicidade de esforzos e custos.
- Transferencia. Sistematización das intervencións realizadas e transmitir os coñecementos adquiridos.
- Innovación. Procura constante de propostas novas para avanzar na procura de solucións para mellorar a integración sociolaboral das persoas atendidas. Polo tanto, seguindo estas pautas, tres son as liñas de actuación que vertebran o programa:
 - **ASESORAMENTO SOCIAL:** asesoramento social, tramitación para o acceso aos recursos públicos, privados.
 - **PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL:** a través de itinerarios personalizados de inserción laboral, a persoa adicta ao xogo compulsivo será acompañada e asesorada polo persoal técnico na elaboración dun CV, acceso a portais de búsqueda de emprego e elaboración de perfís no ámbito profesional en redes sociais, estratexias na búsqueda de emprego, orientación a mercados de traballo acordes ao seu perfil profesional, inmersión na formación ofertada por outras entidades, habilidades sociais nas entrevistas de traballo, concienzación do posto de traballo como ferramenta social de prevención de risco de exclusión social.
 - **PROGRAMA DE COMPETENCIAS SOCIOEMOCIONAIS:** atención individualizada, grupos de terapia e seguemento/evolución como instrumento de apoio á inserción nos circuitos normalizados, inserción sociofamiliar e inserción sociolaboral.